

**ORZAMENTO**

**DA USC**

2011



**Consello Social, 1 de marzo de 2011**

## **ORZAMENTO 2011**

### **INTRODUCCIÓN**

Os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, no capítulo III, artigo 172, apartado 2, establecen o seguinte:

“Aprobadas as liñas xerais polo Claustro, o reitor presentará o proxecto de orzamento perante o Consello de Goberno, que o enviará ao Consello Social para a súa aprobación”.

En cumprimento do anterior o Equipo de Goberno presenta ante o Consello de Goberno o proxecto de ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2011 para a súa análise e debate, en base ao novo Plan de Financiamento do SUG aprobado o día 21 de decembro de 2010 e o Plan de Austeridade para o período 2011-2013. De ser aprobado, presentarase ao Consello Social para a súa aprobación definitiva.

### **PLAN DE FINANCIAMENTO DO SUG 2011-2015.**

O novo plan de financiamento para as tres universidades do SUG correspondente ao período 2011-2015 enmarcase na situación de crise económica na que está inmersa a sociedade do noso contorno e as restricións impostas á administración pública en xeral.

Este plan supón unha redución significativa das achegas a percibir polas universidades galegas para cubrir as necesidades básicas, pasando de 413 millóns de euros no ano 2010 a 390 millóns de euros para o ano 2011 o cal supón unha redución de 23.000.000,00€ un 5,56% do financiamento para o SUG.

Como resultado do anterior, o Financiamento Autonómico ao SUG volve a caer de forma significativa para o exercicio 2011, o que supón desandar camiño respecto do obxectivo de acadar o 1% do PIB.

Neste senso, a estrutura do plan presenta tres compoñentes:

<b>COMPOÑENTES DO FINANCIAMENTO DAS UNIVERSIDADES GALEGAS</b>	<b>FERRAMENTAS</b>
FINANCIAMENTO ESTRUCTURAL (308.067.461,00€) <sup>1</sup>	Subvención fixa
	Subvención por capacidade investigadora
	Subvención para a compensación dos custos inducidos pola normativa estatal e autonómica
FINANCIAMENTO POR RESULTADOS (64.228.248,00€) <sup>2</sup>	Subvención por resultados
	Subvención por resultados de investigación
	Subvención por resultados de transferencia tecnolóxica
FINANCIAMENTO POR MELLORA DA CALIDADE (18.000.000,00€)	Subvención pola mellora da calidade dos resultados universitarios.
<b>TOTAL</b>	<b>390.295.709,00€</b>

O **Financiamento Estructural** contempla os fondos destinados ao financiamento dos custos estruturais. Está composto polas seguintes ferramentas:

- Subvención fixa, que contempla dous fondos diferenciados:
  1. Para o financiamento dos custos estruturais das tres universidades do SUG. No ano 2011 mantéñense os criterios de reparto que se viñan aplicando no anterior plan de financiamento, exceptuando a contía correspondente aos sexenios e complementos retributivos autonómicos recoñecidos ao persoal, importe que se engadirá ás transferencias realizadas a cada universidade. Sen embargo, a partir do ano 2012 as porcentaxes de reparto poderán sufrir modificacións en función da aplicación de

<sup>1</sup> Inclúe fondos nos que non participa a USC, 1.200.000,00€ correspondentes á ACSUG e 2.945.254,00 de INEF-Galicia. Ademais inclúe as achegas aos Consellos Sociais por un valor de 600.000€ a repartir a partes iguais entre as tres universidades.

<sup>2</sup> A subvención por resultados de investigación (38 millóns de euros) e por resultados de transferencia tecnolóxica (7 millóns de euros), por un total de máis de 45 millóns de euros, repartiranse mediante fórmulas de concorrencia competitiva.

novos criterios de reparto que serán fixados antes do día 31 de xullo de 2011 e que figurarán como addenda ao acordo. Vincularase cada ano, a partir do exercicio 2012, un 5% da Subvención Fixa, porcentaxe que se incrementará un 5% anualmente, de xeito que no ano 2015 o 20% desta subvención distribuírase en base a novos criterios.

2. Para o financiamento de investimentos en reparación e mellora non se producirán modificacións durante o ano 2011.

Tamén terá consideración de subvención fixa o importe destinado o mantemento dos Consellos Sociais e da Axencia para a calidade do sistema universitario de Galicia (ACSUG), o importe correspondente a está última transferirse directamente á mesma.

Inclúese tamén neste apartado o importe destinado ao INEF-Galicia e as prazas vinculadas ao SERGAS.

- Subvención por capacidade investigadora. Centrarase no apoio ás universidades que desenvolvan liñas de investigación consideradas no Plan Estratéxico Galicia 2010-2014. A distribución realizarase mediante convocatorias competitivas entre as tres universidades.
- Subvención para a compensación dos custos inducidos pola normativa estatal e autonómica. Compensacións que reciben na actualidade as universidades por estas actividades.

**O Financiamento por Resultados** inclúe as seguintes ferramentas:

- Subvención por resultados. Os importes distribuiranse en función de contratos programa. Asinaranse dous contratos programa con cada unha das universidades do SUG. O primeiro (por un 5% do plan de financiamento) comprenderá o período 2011-2012 e o segundo (10% do plan de financiamento) o período 2013-2015. Nestes instrumentos de reparto recollerase a situación de partida e estableceranse obxectivos de mellora para as seguintes áreas de acción: adaptación das necesidades sociais, docencia, investigación, transferencia de tecnoloxía, proxección internacional, responsabilidade social, xestión e campus de Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra. Asociados a cada área de acción hai uns indicadores (20 en total). Cada área de acción e cada un dos indicadores ten unha ponderación como se reflicte na seguinte táboa:

Area	Pond área	Indicador	Pond. indicador
Adap	5%	Alumnos matriculados na súa opción preferida ISUG-01= $\frac{N^{\circ} \text{ de estudantes que se matriculan na súa 1}^{\circ} \text{ opción}}{N^{\circ} \text{ total de estudantes que ingresan en graos}}$	50%
		Tempo medio en atopar emprego ISUG-02= <i>Tempo medio en atopar emprego</i>	50%
Doc	25%	Cualificación do PDI ISUG-03= $\frac{N^{\circ} \text{ de PDI co grao de doutor}}{N^{\circ} \text{ total de PDI}}$	40%
		Taxa de graduación ISUG-04= $\frac{N^{\circ} \text{ de alumnos que rematan os estudos curso } n-2/n-1}{N^{\circ} \text{ alumnos de novo ingreso no curso } (n-d)-1/(n-d)} * 100$	30%
		Alumnos de posgraio por graduado ISUG-05= $\frac{N^{\circ} \text{ de alumnos matriculados en posgraos no curso } n-1/n}{N^{\circ} \text{ alumnos graduados no curso } n-2/n-1} * 100$	30%
Inv	30%	Producción científica ISUG-06= $\frac{N^{\circ} \text{ de artigos en revistas ISI-JCR (ponderadas)}}{PDI \text{ doutor}}$	25%
		Programas de doutoramento con mención de calidade/selo de excelencia ISUG-07= $\frac{N^{\circ} \text{ de programas de doutoramento con mención de calidade ou selo de excelencia}}{N^{\circ} \text{ total de programas de doutoramento}}$	15%
		Resultados de investigación. De carácter académico: sexenios ISUG-08= $\frac{N^{\circ} \text{ de sexenios concedidos ao PDI doutor}}{N^{\circ} \text{ total de sexenios posibles}} * 100$	35%
		Ingresos de investigación por proxectos competitivos ISUG-09= $\frac{\text{Ingresos por proxectos competitivos}}{PDI \text{ doutor}}$	25%
Trans	15%	Resultados de investigación. Patentes en explotación ISUG-10= $\frac{N^{\circ} \text{ de patentes e rexistros de software concedidos}}{PDI \text{ doutor}}$	50%
		Ingresos por transferencia ISUG-11= $\frac{\text{Ingresos por transferencia}}{PDI \text{ doutor}}$	50%
Intern	10%	Alumnos de intercambio ISUG-12= $\frac{\text{Alumnos de programas de intercambio internacional}}{\text{alumnos matriculados na universidade}}$	50%
		Número de meses de estancia en universidades estranxeiras ISUG-13= $\frac{N^{\circ} \text{ de meses de estancia do PDI en países estranxeiros}}{PDI \text{ total da universidade}}$	50%
Resp	5%	Acción social (formación en valores) ISUG-14= $\frac{N^{\circ} \text{ de alumnos de voluntariado, participación e cooperación}}{N^{\circ} \text{ total de alumnos da universidade}}$	50%

		Número de teses lidas en lingua galega ISUG-15= $\frac{\text{N}^{\circ} \text{ de teses lidas (aprobadas) en lingua galega no ano } n}{\text{N}^{\circ} \text{ de teses lidas (aprobadas) na universidade no ano } n}$	50%
Xest	5%	Porcentaxe de PAS en programas de formación ISUG-16= $\frac{\text{N}^{\circ} \text{ de PAS que participan en programas de formación}}{\text{N}^{\circ} \text{ total de PAS}}$	40%
		Certificación de implantación de sistemas de calidade da xestión ISUG-17= $\frac{\text{N}^{\circ} \text{ de servizos ou centros con certificación de sistemas de calidade da xestión}}{\text{N}^{\circ} \text{ total de servizos ou centros}}$	60%
Camp	5%	Alumnos matriculados na súa opción preferida nos campus de Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra ISUG-18= $\frac{\text{N}^{\circ} \text{ de estudantes que se matriculan na súa 1}^{\text{a}} \text{ opción}}{\text{N}^{\circ} \text{ total de alumnos que ingresan en graos}}$	30%
		Produción científica nos campus de Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra. ISUG-19= $\frac{\text{N}^{\circ} \text{ de artigos en revistas ISI-JCR (ponderadas)}}{\text{FDI doutor}}$	30%
		Sexenios nos campus de Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra ISUG-20= $\frac{\text{N}^{\circ} \text{ de sexenios concedidos ao FDI doutor}}{\text{N}^{\circ} \text{ total de sexenios posibles do FDI doutor}} * 100$	40%

Estes criterios de reparto prexudican á USC dado que, á marxe do resultado acadado para os indicadores propostos, non teñen en conta o peso relativo de cada universidade dentro do SUG. De forma gráfica, a igualdade de éxito relativo nos indicadores dúas universidades acadarían o mesmo financiamento aínda que unha cuadruplicase o tamaño da outra. Tendo en conta o tamaño relativo da USC dentro do SUG, será necesario que nas negociacións pendentes para este primeiro semestre do ano 2011 do plan de financiamento, en relación cos criterios de reparto do financiamento estrutural, por todo o noso esforzo en corrixir esta grave disfunción do plan para a USC.

Os resultados mediranse aplicando o panel de indicadores anterior.

- Subvención por resultados de investigación (38 millóns de euros). Contempla os importes necesarios para o desenvolvemento das liñas de acción establecidas no Plan Galego de I+D+i. Os importes distribuiranse fundamentalmente mediante fórmulas de concorrencia competitiva. A subvención evolucionará durante a vixencia deste plan co resultado de sumar tres puntos ao crecemento do PIB nominal da Comunidade Autónoma en cada un dos anos.
- Subvención por resultados de transferencia tecnolóxica (7 millóns de euros). Os fondos distribuíranse mediante convocatorias en réxime de competencia competitiva.

Este fondo evolucionará durante a vixencia do plan, co resultado de sumar tres puntos ao crecemento do PIB nominal da Comunidade Autónoma en cada un dos anos.

O **financiamento por mellora da calidade** recollerá as actuacións dirixidas á mellora de aspectos formativos, investigadores e de creación ou adaptación de infraestruturas. Os créditos previstos para o ano 2011 distribuíranse entre as tres universidades do SUG en base as porcentaxes de reparto que se viñan aplicando ao Fondo incondicionado do anterior plan de financiamento. A partir do 2012 a distribución vincularase directamente ao cumprimento das medidas previstas nos Plans de Sustentabilidade para os anos 2011, 2012 e 2013, que se deberán presentar antes do día 15 de febreiro de 2011. Así mesmo, incluírá as transferencias que puideran materializarse a través das distintas Consellerías, entidades e organismos dependentes da Comunidade Autónoma.

Os plans de sustentabilidade financeira das universidades do SUG para os anos 2011, 2012 e 2013, contemplarán:

- A descrición da situación actual da universidade, e a orixe e xustificación da mesma.
- As medidas correctoras, xa aplicadas ou a adoptar a partir da entrada en vigor do plan, para corrixir a situación existente.
- O escenario de evolución da situación financeira da Universidade para acadar o equilibrio orzamentario.

O plan será sometido á análise e avaliación dunha Comisión de Seguimento e a non presentación do mesmo, a súa inadecuación aos obxectivos xerais de estabilidade financeira e o grao de incumprimento dos obxectivos sinalados, determinará a porcentaxe de participación de cada Universidade nos créditos contemplados no fondo para o Financiamento para a Mellora da Calidade.

En resumo, a Comunidade Universitaria e a sociedade galega debe ser consciente de que o Plan de Financiamento do SUG para o período 2011-2015, nos distancia cada vez máis do financiamento que reciben as universidades españolas, e xa non digamos europeas coas que queremos e debemos competir.

## **SITUACIÓN FINANCEIRA DA USC**

O punto de arranque da situación actual da USC situámolo na aprobación do plan de equilibrio económico-financeiro 2004-2006 que se configurou para corraxir o desequilibrio producido no período 2000-2003 por diverxencia entre os ingresos e gastos; naquel intre - dentro das medidas configuradas no plan- a universidade endebedouse con entidades financeiras por importe de 38,58 millóns de euros, dos cales 6 millóns eran refinanciamento de débeda (plan de optimización enerxética) e 32,58 de novos préstamos. Estes préstamos, contando os dous anos de carencia, vencen no ano 2020.

Para os anos 2005-2010 establécese un novo plan de financiamento das universidades de Galicia que actualiza anualmente a súa partida máis importante o “Fondo de financiamento incondicionado” en función da taxa de variación que experimenten os ingresos non financeiros dos orzamentos consolidados da Comunidade Autónoma. Este fondo destínouse fundamentalmente a dar cobertura aos gastos máis importantes da administración educativa: os gastos de persoal.

Como consecuencia da crise económica, nos anos 2009 e 2010 este fondo diminúe (ver cadro Evolución dos ingresos non financeiros dos orzamentos consolidados da Xunta de Galicia), por mor da variación negativa dos ingresos non financeiros sendo preciso que a administración autonómica engadise fondos complementarios para evitar o importante desequilibrio que se produciría; non obstante, este incremento de fondos non cubriu o incremento das retribucións do persoal establecidas legalmente nin as derivas deste tipo de gastos vencelladas á antigüidade (trienios, quinquenios, sexenios). Por outra banda para o ano 2009 a segunda fonte de financiamento das universidades -os prezos públicos de matrícula- conxeláronse por decisión allea á Universidade; para o 2010 o incremento foi do 1,5% e só para a primeira tarifa.

### **Evolución dos ingresos non financeiros dos orzamentos consolidados da Xunta de Galicia:**

<b>2006</b>	<b>2007</b>	<b>2008</b>	<b>2009</b>	<b>2010</b>
9,60%	8,90%	8,28%	-2%	-11,284%

No exercicio 2010 a contía de fondos do plan foi inferior ao do exercicio 2009 producindo a esta universidade un desfase entre ingresos e gastos de mais de 15 millóns de euros que foi cuberto orzamentariamente, entre outros recursos, con un préstamo de 10 millóns de euros e, por conseguinte, con incremento da débeda bancaria.

***Incidencias salientables na execución dos orzamentos 2010.***

Nomeadamente hai un conxunto de situacións que incidiron notablemente sobre a execución dos orzamentos do 2010, tanto nos ingresos como nos gastos.

En relación aos ingresos:

- A Xunta de Galicia comunicou en xuño de 2010 a USC que non se fará cargo, dado que non existe ningún convenio asinado neste senso, dos custos asociados á exención de matrícula dos familiares do persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e que ascenden a uns 900.000€ o cal supón unha minoración dos ingresos previstos para o ano.
- Estaban orzamentados 5 millóns de euros (nos capítulos IV e VI) froito dun acordo verbal non conveniado e que non se fixo efectivo. Neste senso indicar que se mantiveron reunións periódicas coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, co Secretario Xeral de Universidades e incluso coa Dirección Xeral de Orzamentos solicitando a sinatura do convenio, obtendo a negativa a facer efectivo o dito importe polo que incluso propúxose dende a USC a posibilidade de amortizar parte da débeda bancaria. Ante o peche de exercicio por parte da Xunta no mes de outubro, este tema atópase agora mesmo en proceso de negociación que esperamos acade resultados satisfactorios ao longo do ano 2011.
- Facenda non permitiu compensar 950.000€ do IVE por investigación básica e fondos Feder (importe que está recorrido xudicialmente).

En canto os gastos, unha das maiores dificultades foi o ter que facer fronte os pagos derivados de resolucións xudiciais, que ascenderon a 875.000€

En relación as fundacións, sinalar que o principal problema foi a non orzamentación de importes correspondentes non só ao ano 2010 sino tamén a anos anteriores, tales como:

- Sociedade Galega para a Sociedade do Coñecemento cunha débeda de 111.000€ correspondente a dotación fundacional (36.000€), cota ano 2009 (60.000€) e cota ano 2010 para liquidar a sociedade (15.000€).
- Centro Tecnolóxico de eficiencia enerxética (Energy lab) por 60.000€ para os anos 2009 (30.000€) e 2010 (30.000€).
- Fundación Rof Codina, orzamentada por 125.000€ e cun compromiso adquirido para o ano 2010 de 220.000€
- Fundación USC deportiva, non orzamentada e cun compromiso para o ano 2010 de 624.000€

En canto o capítulo VI, os modificados e complementarios correspondentes a obra do Colexio Maior Rodríguez Cadarso ascenderon a 303.000€

Ademais, existen dificultades de cobro de convenios e contratos por un importe superior os tres millóns de euros (Anexo 5).

A situación financeira da USC descrita neste apartado demostra a insuficiencia do Plan de Financiamento 2005-2010 para afrontar adecuadamente o financiamento do Sistema Universitario Galego, así como a dificultade do equipo reitoral anterior para xestionar adecuadamente o escenario derivado do Plan, o que tivo como resultado a débeda de 71,5 millóns de euros.

## **OBXECTIVOS DO ORZAMENTO DA USC 2011**

Os Orzamentos que se presentan para o exercicio 2011 realízanse en base a situación financeira na que se atopa a Universidade de Santiago de Compostela así como o novo escenario de financiamento contemplado no Plan de Financiamento do SUG para o ano 2011 e o Plan de Austeridade establecido pola Xunta para o período 2011-2013.

Debemos adecuar os nosos esforzos en desenvolver e mellorar as accións e os resultados no ámbito dos obxectivos e indicadores que marca o plan de financiamento para as achegas variables que se inclúen no mesmo.

Nesta mesma liña e para avanzar nos obxectivos do novo Plan de Financiamento que establece como unha das áreas de acción prioritarias a mellora da xestión, durante o

presente ano elaborarase un Plan de Calidade de Administración e Servizos da USC (PCASUSC) que será negociado coa representación do persoal. Este Plan incorporará medidas concretas para a mellora e modernización dos servizos de apoio á docencia e á investigación, establecendo tamén os criterios xerais tanto na promoción e carreira profesional do PAS como do sistema de avaliación do desempeño.

Baixo estas circunstancias, o Equipo de Goberno considera que o eixo fundamental da nosa institución son AS PERSOAS e polo tanto as repercusións da redución orzamentaria non van a afectar ás mesmas mais aló da redución establecida polo goberno do 5%, mantendo as derivas obrigatorias así como as necesidades básicas do persoal.

Neste ámbito é importante recordar que, a pesar dos avances na equiparación dos últimos anos, o PAS da USC segue a percibir unha remuneración inferior dentro do SUG. Cómpre polo tanto reiterar agora o compromiso da Universidade de completar a mencionada equiparación para o cal se levará a cabo a correspondente negociación co Comité de Empresa e coa Xunta de Persoal

Unha vez satisfeitos os gastos de persoal, o Equipo de Goberno é consciente das necesidades de garantir o bo funcionamento da institución poñendo os medios necesarios para poder cumprir coas funcións básicas da Universidade: a docencia, a investigación e a transferencia de coñecemento.

Para poder desenvolver estas actividades, e necesario manter en condicións óptimas as nosas infraestruturas e por ese motivo xa puxemos en marcha un plan de execución de obras de reparación, ampliación e mellora (RAM) para o seu desenvolvemento durante os próximos dous anos, no que prevalecen as necesidades asociadas a prevención de riscos e a seguridade.

O Campus Vida entra no ano 2011 nunha nova etapa no eido da investigación e a innovación. Os novos centros CIQUS e CIMUS entrarán en funcionamento e comezarase a construción do CITIUS. Ademais, desenvolveranse accións para a implantación da Escola de Doutoramento e Posgrao Internacional, atracción e mobilidade de talento, e mellora dos servizos de apoio á investigación.

En canto ás obrigas de tipo financeiro temos que facer fronte neste ano 2011 aos xuros dos préstamos, reflectidos no capítulo III. Gastos financeiros, á amortización dos préstamos acadados fora do sector público, e a devolución dos anticipos reembolsables (Capítulo IX).

Seguen a destinarse recursos orzamentarios á extensión universitaria, a través da cultura e do deporte, nunha universidade preocupada pola calidade de vida das persoas, pola humanización dos seus valores e pola formación integral non só da súa comunidade, senón da sociedade en xeral.

A USC mantén unha actividade especialmente intensa nos ámbitos da internacionalización así como no referente á cooperación. Mención especial merecen os proxectos financiados con fondos da Unión Europea. Neste senso, a USC lidera e participa como socio en 10 proxectos TEMPUS en países do norte de África e Asia e coordina catro proxectos *Erasmus Mundus- External Cooperation Windows* con Iberoamérica e Asia Central e participa como socio en tres con universidades de Asia, Centroamérica e Israel. Ademais coordina a mobilidade de investigadores de Galicia, a través do Centro Galego de Mobilidade de Investigadores (programa EURAXESS). Esta actividade fai que a USC se atope entre as primeiras universidades españolas a nivel de mobilidade e cooperación universitaria.

A situación económica actual da USC obriga á presentación duns orzamentos partindo de que os recursos económicos obtidos co Plan de Financiamento para o exercicio 2011, non cobren as necesidades existentes, o que obriga a facer unha importante contención do gasto para afrontar, en primeiro lugar, os gastos asociados ao Capítulo I, Gastos de Persoal e, en segundo lugar, ás obrigas financeiras, rexistradas nos capítulos III de Gastos financeiros e IX de Variación de pasivos financeiros por ser importes nos que o gasto xa está comprometido.

O orzamento para o exercicio 2011 completarase coa liquidación equilibrada do exercicio 2010 e permitirá afrontar os gastos imprescindibles para manter as actividades propias da nosa universidade mais, para logralo, será imprescindible intensificar a eficacia e a eficiencia dos recursos empregados, así como facer un seguimento do grao de execución do orzamento que permita minimizar as desviacións do mesmo.

Para contribuír a este obxectivo levarase a cabo unha análise das distintas fundacións e empresas vinculadas á universidade acerca da súa necesidade, historia e financiamento para a toma de decisións sobre elas: supresión, reorganización, etc.

## **PROGRAMACIÓN PLURIANUAL**

Dado que a última programación plurianual corresponde ao período 2007-2010, a USC debe aprobar a programación plurianual, tal como se establece nos artigos 168 e 169 dos Estatutos da USC. Téndose esgotado a vixencia e non sendo posible presentar antes aos órganos de goberno unha nova programación previa a aprobación do orzamento para o ano 2011, é compromiso deste Equipo de Goberno, condicionado polo peche definitivo do plan de financiamento, presentar no primeiro semestre do 2011, para a súa aprobación, a programación plurianual 2011-2015 que serva para fundamentar a reclamación de recursos externos así como para a adecuar a toma de decisións desta institución.

## **ORZAMENTO DE INGRESOS E GASTOS. RESUMO XERAL**

O importe do orzamento para o exercicio 2011 ascende a 228.843.960€ o cal supón unha diminución do 6,46%, porcentaxe que inclúe non só a redución experimentada polo Plan de Financiamento do SUG para o ano 2011 senón tamén, e de forma considerable, a situación económica intrínseca da USC dende fai anos, cun déficit de máis de 15 millóns de euros.

A situación anteriormente descrita obriga a facer un orzamento no que primen os gastos do capítulo I. Gastos de Persoal, tendo en conta tanto a redución do 5% establecido na normativa estatal como as derivas (trienios, quinquenios, sexenios).

No cadro seguinte recóllese a estrutura do orzamento de gastos e ingresos clasificados por capítulos.

**ORZAMENTO DE INGRESOS**

<b>CAP</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE EN €</b>
III	Prezos públicos e outros ingresos	41.548.000,00
IV	Transferencias correntes	140.109.480,00
V	Ingresos patrimoniais	713.000,00
	<b>Total operacións correntes</b>	<b>182.370.480,00</b>
VI	Alleamento de investimentos reais	0,00
VII	Transferencias de capital	41.473.480,00
	<b>Total operacións de capital</b>	<b>41.473.480,00</b>
VIII	Variación de activos financeiros	5.000.000,00
IX	Variación de pasivos financeiros	0,00
	<b>Total operacións financeiras</b>	<b>5.000.000,00</b>
	<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>228.843.960,00</b>

**ORZAMENTO DE GASTOS**

<b>CAP</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE EN €</b>
I	Gastos de persoal	149.260.000,00
II	Gastos en bens correntes e servizos	26.188.960,00
III	Gastos financeiros	898.000,00
IV	Transferencias correntes	2.904.420,00
	<b>Total operacións correntes</b>	<b>179.251.380,00</b>
VI	Investimentos reais	42.672.580,00
VII	Transferencias de capital	0,00
	<b>Total operacións de capital</b>	<b>42.672.580,00</b>
VIII	Variación de activos financeiros	0,00
IX	Variación de pasivos financeiros	6.920.000,00
	<b>Total operacións financeiras</b>	<b>6.920.000,00</b>
	<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>228.843.960,00</b>

**ORZAMENTO DE INGRESOS DA USC**

Como se pode observar na táboa seguinte, o Orzamento de Ingresos para a USC correspondente ao ano 2011 ascende a 228.843.960€, agrupándose os conceptos por capítulos. Así mesmo establécese a variación experimentada polos ingresos en relación coas cifras do ano 2010, o que permite observar unha diminución do 6,46%.

**ORZAMENTO DE INGRESOS 2011**

<b>CAP</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>2011</b>	<b>2010</b>	<b>Diferenza 2011-2010</b>	<b>%</b>
III	Prezos públicos e outros ingresos	41.548.000,00	43.543.000,00	-1.995.000,00	-4,58
IV	Transferencias correntes	140.109.480,00	138.729.220,00	1.380.260,00	0,99
V	Ingresos patrimoniais	713.000,00	750.000,00	-37.000,00	-4,93
	<b>Total operacións correntes</b>	<b>182.370.480,00</b>	<b>183.022.220,00</b>	<b>-651.740,00</b>	<b>-0,36</b>
VI	Alleamento de investimentos reais	0,00	0,00	0,00	0,00
VII	Transferencias de capital	41.473.480,00	51.631.480,00	-10.158.000,00	-19,67
	<b>Total operacións de capital</b>	<b>41.473.480,00</b>	<b>51.631.480,00</b>	<b>-10.158.000,00</b>	<b>-19,67</b>
VIII	Variación de activos financeiros	5.000.000,00	0,00	5.000.000,00	100,00
IX	Variación de pasivos financeiros	0,00	10.000.000,00	-10.000.000,00	-100,00
	<b>Total operacións financeiras</b>	<b>5.000.000,00</b>	<b>10.000.000</b>	<b>-5.000.000,00</b>	<b>-50,00</b>
	<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>228.843.960,00</b>	<b>244.653.700,00</b>	<b>-15.809.740,00</b>	<b>-6,46</b>

## OPERACIÓNS CORRENTES

Neste apartado inclúese o importe correspondente aos prezos públicos e outros ingresos, as transferencias correntes e os ingresos patrimoniais por un total de 182.370.480€ o cal supón o 79,69% do importe total de ingresos previsto. Este importe supón, en relación as contas do ano 2010, unha diminución do 0,36%.

## CAPITULO III. PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS

Este capítulo, orzamentado por 41.548.000€, o cal supón o 18,16% do importe total dos ingresos previstos e unha redución do 4,58% en relación aos ingresos orzamentados no capítulo o ano 2010, inclúe o importe correspondente aos ingresos por matrícula en graos, posgraos, cuarto ciclo, centro de linguas modernas e os dereitos de inscrición en oposicións e concursos. Así mesmo inclúense, entre outros, os importes correspondentes ao servizo universitario de residencias, a utilización das instalacións deportivas, a escola infantil Breogán e a venda de publicacións propias.

No cálculo dos prezos públicos de matrícula mantense o dereito a percepción de axudas para o pagamento dos prezos públicos por servizos académicos ao persoal da USC, ao persoal das universidades públicas galegas da Coruña e Vigo, así como as establecidas na normativa estatal (violencia de xénero, familias numerosas, vítimas do terrorismo...), non así as correspondentes ao persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Destacar que se orzamentan ingresos polos servizos prestados por investigación, por valor de 15 millóns de euros, deste importe consígnase como gasto no capítulo VI. Investimentos reais, o 85%.

En relación á dotación prevista para Escola Infantil Breogán orzaméntase os ingresos reais previstos, 140.000€ o cal supón un cambio en relación a orzamentación de anos anteriores na que se incrementaban os ingresos previstos en 400.000€ (ata 540.000€) e se compensaban incrementando os gastos por acción social no capítulo I de gastos de persoal por este importe, 400.000€ Este mesmo criterio aplícase aos ingresos previstos por dereitos de aloxamento do Servizo Universitario de Residencias, que se orzamentan polos ingresos previstos, 1.430.000€ (e non incrementando estes ingresos co importe

subvencionado, nin contabilizando gastos no capítulo IV de transferencias correntes, por bolsas aloxamento SUR polo mesmo importe, no ano 2010, 420.000€.

#### CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES

Os ingresos orzamentados neste capítulo ascenden a 140.109.480€ o 61,22% do total de ingresos previstos, e inclúe as achegas realizadas tanto por organismos públicos como privados.

As achegas fundamentais deste capítulo están asociadas ao Plan de Financiamento do SUG. O incremento do importe orzamentado no ano 2011 en relación ao orzamentado no ano 2010, do 0,99%, débese a unha redistribución das achegas realizadas pola Xunta de Galicia, incrementado as achegas polo capítulo IV e reducindo substancialmente as achegas realizadas polo capítulo VII. Transferencias de capital.

Así, neste capítulo inclúense, entre outras, as seguintes achegas da Xunta de Galicia realizadas a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria:

- Financiamento estrutural. Subvención fixa, por 123.754.630€
- Consellos Sociais, por 200.000€
- Financiamento por resultados, por 7.507.350€

Ademais inclúese o programa ERASMUS por 650.000€ as achegas do Servizo Galego de Saúde por 5.272.500€ e o programa I3 da Consellería de Economía e Industria, por 650.000€

A estes importes hai que engadir as achegas do Banco de Santander e de Novacaixagalicia.

#### CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS

Este capítulo, orzamentado en 713.000€ inclúe o importe correspondente aos xuros de contas bancarias e as concesións administrativas, e supón unha redución do 4,93% en relación ao orzamentado no ano 2010.

## OPERACIÓNS DE CAPITAL

Inclúese neste apartado o alleamento de investimentos reais, non previsto neste exercicio, e as transferencias de capital, orzamentadas por un valor 41.473.480€ o cal supón o 18,12% dos ingresos totais previstos.

## CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

O importe correspondente a este capítulo, por 41.473.480€ sofre un forte descenso, do 19,67%, fronte o orzamentado no ano 2010, motivado, en parte, pola diferente redistribución na achega dos fondos realizada polo Plan de Financiamento do SUG.

Neste capítulo incorpóranse os recursos de investigación do MEC, de organismos autónomos administrativos, do fondo de investigacións sanitarias e da Xunta de Galicia por 25.100.000€ así como as achegas, tamén para investigación, de Corporacións locais, por 250.000€ e da Unión Europea, por 3.000.000€ Do importe total destes ingresos, 28.350.000€ impútase como gasto o 85%, no capítulo VI. Investimentos reais.

Ademais están as achegas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria asociadas ao Plan de Financiamento:

- Financiamento estrutural. Subvención fixa por 1.971.000€
- Financiamento estrutural. Subvención por compensación dos custos inducidos pola normativa estatal e autonómica por 428.780€
- Financiamento por mellora da calidade I+D, por 7.880.400€

Así como os convenios da Consellería de Economía e Industria e de Infraestruturas, asociado ao Campus de excelencia internacional.

## OPERACIÓNS FINANCEIRAS

Inclúen o total das variacións de activos e pasivos financeiros, por un importe de 5 millóns de euros, correspondente á variación de activos financeiros, non orzamentando importe en

pasivos financeiros xa que no ano 2011 non podemos, nin debemos, incrementar o endebedamento da USC.

#### CAPÍTULO VIII: VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCEIROS

Este capítulo, orzamentado en cinco millóns de euros, recolle o compromiso deste equipo de goberno de levar a cabo todas as medidas necesarias para facer efectivo o importe comprometido pola Xunta de Galicia co anterior equipo de goberno, mais, dado que non existe un convenio asinado entre a Xunta de Galicia e a USC temos que orzamentar esta contía neste capítulo, incorporando remanentes de tesourería non afectados, mentres non se asine o convenio, co fin de poder facer fronte aos gastos mínimos necesarios para o normal funcionamento da institución xa que, noutro caso, sería preciso reducir nesta cantidades, 5 millóns de euros, os gastos e facer practicamente imposible o normal desenvolvemento da actividade da USC.

**ORZAMENTO DE GASTOS DA USC**

A continuación expónse o orzamento de gastos da USC para o ano 2011 por un total de 228.843.960€, o cal supón como xa indicamos unha diminución do 6,46% si comparamos as cifras coas correspondentes do ano 2010.

**ORZAMENTO DE GASTOS 2011**

<b>CAP</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>2011</b>	<b>2010</b>	<b>Diferenza 2011-2010</b>	<b>%</b>
I	Gastos de persoal	149.260.000,00	153.749.730,00	-4.489.730,00	-2,92
II	Gastos en bens correntes e servizos	26.188.960,00	30.280.140,00	-4.091.180,00	-13,51
III	Gastos financeiros	898.000,00	650.000,00	248.000,00	38,15
IV	Transferencias correntes	2.904.420,00	3.367.930,00	-463.510,00	-13,76
	<b>Total operacións correntes</b>	<b>179.251.380,00</b>	<b>188.047.800,00</b>	<b>-8.796.420,00</b>	<b>-4,68</b>
VI	Investimentos reais	42.672.580,00	48.618.650,00	-5.946.070,00	-12,23
VII	Transferencias de capital	0,00	0,00	0,00	0,00
	<b>Total operacións de capital</b>	<b>42.672.580,00</b>	<b>48.618.650,00</b>	<b>-5.946.070,00</b>	<b>-12,23</b>
VIII	Variación de activos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00
IX	Variación de pasivos financeiros	6.920.000,00	7.987.250,00	-1.067.250,00	-13,36
	<b>Total operacións financeiras</b>	<b>6.920.000,00</b>	<b>7.987.250,00</b>	<b>-1.067.250,00</b>	<b>-13,36</b>
	<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>228.843.960,00</b>	<b>244.653.700,00</b>	<b>-15.809.740,00</b>	<b>-6,46</b>

Dado o forte descenso do orzamento consideramos prioritario facer fronte, en primeiro lugar, ás necesidades do noso capital humano e, neste senso, está orzamentado, tanto no

capítulo I. Gastos de persoal como no capítulo VI. Investimentos reais, o importe íntegro necesario para o facer fronte aos gastos asociados a todo o persoal da USC. Ademais, somos conscientes das implicacións que ten para a nosa institución os gastos comprometidos asociados aos xuros dos préstamos (Capítulo III. Gastos financeiros) e a devolución do principal, tanto dos préstamos como dos anticipos reembolsables (Capítulo IX. Variación de pasivos financeiros).

Nesta situación é necesario facer un esforzo orzamentario nos capítulos II. Gastos en bens correntes e servizos, IV. Transferencias correntes e VI. Investimentos reais.

### OPERACIÓNS CORRENTES

Neste apartado inclúense os gastos de persoal, os gastos en bens correntes e servizos, os gastos financeiros e as transferencias correntes, cun importe orzamentado que ascende a 179.251.380€ o cal supón o 78,33% do importe total de gastos previstos para o ano, cunha redución do 4,68% en relación aos gastos previstos por operacións correntes no ano 2010.

Indicar neste apartado a existencia de accións sociais (Escola Infantil Breogán) e bolsas (aloxamento sistema universitario de residencias, SUR) que se levan a cabo nesta universidade pero que, por criterios contables, non aparecen orzamentadas, dado que suporía a contabilización dun ingreso que non implica cobro e dun importe igual de gasto que implica pago.

### CAPÍTULO I. GASTOS DE PERSOAL

O importe orzamentado para o ano 2011 neste capítulo ascende a 149.260.000€ e representa o 65,22% do importe total de ingresos previstos, o cal está en consonancia co labor desenvolvido por unha institución centrada na docencia e na investigación, actividades con necesidades importantes de recursos humanos.

A diminución deste capítulo, do 2,92% respecto do ano 2010, ven derivada pola aplicación das novas retribucións do persoal aprobadas nas leis orzamentarias para o ano 2011, non acadando o importe previsto de minoración dos gastos de persoal dun 5%, debido ao mantemento das bases de cotización á Seguridade Social que non foron minoradas polo

recorte salarial e, nalgúns casos, polo contrario, aumentaron. Tamén son significativas as derivas que cada ano se producen por trienios, quinquenios e sexenios.

Na análise dos gastos de persoal debemos indicar o cambio no Plan de Financiamento da USC, no que xa se incorporan os créditos para o financiamento dos sexenios de investigación, dos complementos autonómicos e os pagamentos realizados ao abeiro do concerto entre a USC e o SERGAS, que tradicionalmente se viñan financiando cos recursos incondicionais dos que dispoñía a USC.

A evolución prevista para o Capítulo I de gastos de persoal obedece, principalmente aos seguintes feitos:

- Aplicación dos recortes salariais aprobados nas leis orzamentarias de aplicación a todo o persoal da universidade, e aplicación, no ano 2010, do acordo que se tiña asinado co PAS funcionario de equiparación co sistema de retribucións do SUG e que estaba pendente de consolidar dende o ano 2009.
- Mantense o importante incremento vexetativo dos complementos retributivos do persoal docente e investigador, tales como trienios, dedicación docente, produtividade investigadora e complementos autonómicos, todo isto como consecuencia do especial réxime retributivo do profesorado e da composición do cadro de persoal, sendo asumidos todos os conceptos con recursos propios incluídos no plan de financiamento para o ano 2011.
- Dotación dos recursos para as actuacións en materia de persoal, tanto en PDI como en PAS, para levar a cabo melloras estruturais de carácter estratéxico, no ámbito das posibilidades marcadas nas leis orzamentarias de reposición de efectivos.
- En canto a Acción Social debemos destacar o xa indicado en relación ao Capítulo III de ingresos. Este ano a acción social asociada á Escola Infantil Breogán, por 400.000€ non se orzamenta nin como ingreso (baixa de 540.000€ a 140.000€) nin como gasto (baixan de 1.150.000€ a 900.000€), o cal supón un incremento real en acción social de 150.000€.

## CAPÍTULO II. GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS

Este capítulo que inclúe arrendamentos, reparacións e mantemento, material de oficina, subministracións, comunicacións, transportes, primas de seguros, tributos, gastos diversos, traballos realizados por empresas e profesionais, cursos e conferencias, extensión universitaria, axudas de custo e locomoción e outras indemnizacións, está orzamentado en 26.188.960€ o cal supón o 11,44% do importe total de gastos e sofre un descenso do 13,51% en relación ao ano 2010.

Dadas as características deste capítulo, que o fan imprescindible para un funcionamento mínimo da institución, orzamentáanse os seguintes importes, que consideramos mínimos para o desenvolvemento da actividade da nosa institución:

- Arrendamentos de material de transporte e equipos para procesos de información por 158.000€ o cal supón unha diminución do 7% en relación ao ano 2010.
- Reparacións e mantemento de edificios, maquinaria, elementos de transporte, moblaxe e equipamento por un importe de 2.873.420€, redución do 18,5% en relación ao orzamentado no ano 2010.
- Material de oficina, que inclúe os créditos para gastos correntes dos centros que non teñen diferenciado por conceptos o seu orzamento, por 1.187.860€, o cal supón unha diminución do 18,08% en relación ao ano 2010.

En relación aos criterios de reparto para os institutos de investigación tivéronse en conta as seguintes variables: con ou sen sede e que sexan experimentais ou non (coa excepción de que sexan mixtos, con poucos grupos e sede reducida). En base a estes criterios as achegas neste concepto serán: con sede e experimental, 2.000€ con sede e non experimental, 1.500€ e sen sede, 400€

Neste apartado inclúese a maior parte, 167.500€, do importe a destinar ao Consello Social procedente da Xunta de Galicia (200.000€).

As achegas correspondentes a Relacións Internacionais, inclúense na oficina do reitor.

- Subministracións por máis de 5 millóns de euros, o cal supón unha redución do 18,85%.

- Comunicaci3ns, transportes, primas de seguro, tributos e gastos diversos por case 1,8 mill3ns de euros, o cal sup3n unha reduci3n media do 37,43% en relaci3n ao 2010.
- Traballos realizados por empresas e profesionais, por 11.829.500€ o que sup3n un incremento do 1,34%, motivado por os gastos de limpeza, cun compromiso para o ano 2011, de mais de 8,4 mill3ns de euros e de seguridade por un importe superior os 1,3 mill3ns de euros. Neste concepto inclúense ademais as achegas necesarias para o acceso 3s revistas electr3nicas polo importe pagado durante o ano 2010 e comprometido para o ano 2011.
- Cursos e conferencias, por m3is de 2,5 mill3ns de euros, entre os que se atopan fondos para cursos de posgrao por 2.250.000€ o 90% do importe orzamentado en ingresos por matr3cula por cursos de posgrao.

Neste concepto introdúcese un cambio ao trasladar o importe correspondente ao Plan de Formaci3n e Innovaci3n Docente (PFID) da Vicerreitor3a de Grao e Posgrao 3 Vicerreitor3a de Persoal Docente e Investigador (PDI).

- En relaci3n a Extensi3n Universitaria, orzamentado en 374.000€ sofre un importante descenso motivado pola diferente forma de orzamentar o Servizo de Deportes. No ano 2010, orzament3banse gastos por 525.000€ (importe que inclu3a as achegas a Fundaci3n USC Deportiva, cun compromiso de 624.000€ para o exercicio 2010) e no orzamento do ano 2011 as achegas para o Servizo de Deportes fanse dende o cap3tulo I. Gastos de persoal, por mais de 1.200.000€ e do Cap3tulo II. Gastos correntes, da partida 229 Extensi3n Universitaria, por 140.000€ en tanto que as achegas a Fundaci3n USC Deportiva fanse dende o cap3tulo IV. Transferencias correntes, no concepto 483 Subvenci3ns nominativas, por 412.540€
- O importe orzamentado en axudas a custo e locomoci3n e outras indemnizaci3ns ascende a 313.850€ o cal sup3n unha reduci3n do 16,9% respecto ao ano 2010. Nestes conceptos inclúense, entre outros, as teses de doutoramento e os tribunais dos concursos de prazas.

Neste cap3tulo tense en conta a repercusi3n da posta en funcionamento de dous novos edificios, o Centro de Investigaci3n en Qu3mica Biol3xica e Materias Moleculares (CIQUS) e o Centro de Investigaci3n en Medicina Molecular e Enfermidades Cr3nicas

(CIMUS), tanto nos conceptos de 221. Subministracións (en servizos centrais) como no 220. Material de oficina (gastos correntes).

### CAPÍTULO III. GASTOS FINANCEIROS

O importe orzamentado neste capítulo, 898.000€, inclúe tanto os xuros dos préstamos como outros gastos financeiros, importes xa comprometidos pola USC e que supoñen un incremento do 38,15% en relación ao orzamento do ano 2010.

### CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES

Este capítulo inclúe tanto as bolsas a estudantes como as subvencións nominativas. O importe orzamentado, que ascende a 2.904.420€ (redución do 13,76% en relación ao orzamento do ano 2010), destínase na súa maior parte, 2.030.400€ a bolsas e o resto, 874.020€ a subvencións a distintas institucións entre as que se atopa a Fundación USC Deportiva (412.540€), a Fundación Rof-Codina (193.600) e o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (103.630€).

### OPERACIÓNS DE CAPITAL

Este apartado inclúe os investimentos reais, as transferencias de capital (non orzamentadas neste exercicio), por un total de 42.672.580€ o cal supón o 18,65% do total de gastos previstos e unha diminución, se comparamos os mesmos capítulos, do 12,23% en relación ao importe orzamentado no ano 2010, dado que no orzamento do ano 2010 incluíase entre as operacións de capital o importe correspondente a variación de pasivos financeiros por un importe de 7.987.250€

### CAPITULO VI. INVESTIMENTOS REAIS

Este capítulo, orzamentado en 42.672.580€, inclúe tanto investimentos novos (art 62) como investimentos inmateriais (art 64).

Os investimentos novos inclúen:

- As achegas para Edificios e outras construcións, orzamentadas en 2.147.500€ para os seguintes conceptos, obra RAM e obra nova, proxectos e seguridade, o cal supón una redución do 58,5% en relación ao ano 2010.

Debemos indicar que a diminución mais importante prodúcese en obra nova (o 90% en relación ao 2010, e dicir, 3.600.000€) e un incremento das achegas previstas para obra RAM, en 575.000€ no senso de poder facer fronte as actuacións máis inmediatas necesarias en materia de seguridade e prevención de riscos, en base ao establecido na programación de obra RAM.

En relación aos proxectos, orzáméntase os importes comprometidos para o ano 2011, o cal implicou renegociar os contratos, dado que o compromiso inicial para o ano 2011 superaba o millón de euros.

- Maquinaria, instalacións e utillaxe, orzamentado en 243.000€ (incremento do 247,14% en relación ao 2010), corresponde ao importe comprometido dende o ano 2007 para o sistema de control de acceso nos centros.
- Mobiliario e equipamento, sofre un importante recorte, do 47,45%, orzamentándose en 1.245.450€
- Fondos para bibliotecas, orzamentado en 904.800€ (cunha redución do 41,61%) inclúe entre outros as adquisicións de libros e as subscricións a publicacións periódicas.

Os investimentos inmateriais inclúen tanto a investigación en xeral, orzamentada en 1.284.330€ (redución do 50,73% en relación ao 2010), como os proxectos de investigación e convenios e contratos, orzamentados en 36.847.500€ importe igual ao do ano 2010 e que representa o 85% dos ingresos orzamentados por estes conceptos.

## OPERACIÓNS FINANCEIRAS

As operacións financeiras inclúen o importe correspondente a variación de activos (non orzamentados) e de pasivos financeiros, por un importe que ascende a 6.920.000€ o cal supón unha redución, en relación o ano 2010, do 13,36%, e representa o 3% do gasto total previsto.

## CAPÍTULO IX. VARIACION DE PASIVOS FINANCIEROS

Neste capítulo, orzamentado por un importe que ascende a 6.920.000€, inclúese o importe correspondente á amortización do principal dos préstamos, por valor de 3.300.000€ así como á devolución da parte correspondente dos anticipos reembolsables, por valor de 3.620.000€, ambos gastos xa comprometidos.

## ORZAMENTO 2011

### UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En virtude do disposto no artigo 81 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, e no artigo 171 dos Estatutos da Universidade aprobados por decreto 28/2004, do 22 de xaneiro, pola presente norma apróbanse os orzamentos da Universidade de Santiago de Compostela para o exercicio 2011, que acadan a contía inicial en ingresos e gastos de 228.843.960,00€

#### 1.- CLASIFICACIÓN ECONÓMICA

<b>INGRESOS</b>	
Capítulo III.- Prezos públicos e outros ingresos	41.548.000,00
Capítulo IV.- Transferencias correntes	140.109.480,00
Capítulo V.- Ingresos patrimoniais	713.000,00
Capítulo VII.- Transferencias de capital	41.473.480,00
Capítulo VIII.- Variación de activos financeiros	5.000.000,00
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>228.843.960,00</b>
<b>GASTOS</b>	
Capítulo I.- Gastos de persoal	149.260.000,00
Capítulo II.- Gastos en bens correntes e servizos	26.188.960,00
Capítulo III.- Gastos financeiros	898.000,00
Capítulo IV.- Transferencias correntes	2.904.420,00
Capítulo VI.- Inversións reais	42.672.580,00
Capítulo IX.- Variación de pasivos financeiros	6.920.000,00
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>228.843.960,00</b>

## 2. NORMAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

### Artigo 1. Os créditos e as súas vinculacións

1. As partidas orzamentarias do orzamento de gastos para o 2011 preséntanse de acordo coas clasificacións orgánica, funcional e económica.

2. A vinculación dos créditos establécese conforme cos seguintes criterios:

a) Clasificación orgánica:

- Os créditos que figuran no orzamento asignados a centros ou unidades orgánicas teñen carácter vinculante e limitativo a nivel de código orgánico, coas excepcións que se indican no apartado c).

b) Clasificación económica.

- Terán carácter vinculante e limitativo a nivel de capítulo:
  - Os créditos destinados a gastos de persoal, agás o artigo 15 (gratificacións e produtividade), que manteñen a vinculación a nivel de artigo.
  - Os gastos en bens correntes e servizos.
  - Os gastos financeiros.
- Terán carácter vinculante a nivel de artigo:
  - Os investimentos reais.
  - Os activos e pasivos financeiros.
- Terán carácter vinculante a nivel de concepto as transferencias correntes e as transferencias de capital, agás o indicado no apartado seguinte.
- Terán carácter vinculante co nivel de desagregación co que figuren no orzamento:
  - Os créditos con financiamento específico
  - As subvencións nominativas.

c) Clasificación funcional:

- Con independencia dos apartados anteriores, terán só carácter vinculante a nivel de programa:
  - Os créditos asignados á Área de Infraestruturas, e o crédito para RAM asignados á Vicerreitoría de Economía e Infraestruturas (programa 300A)

3. Non se poderán adquirir compromisos de gasto por contía superior ao importe dos créditos autorizados no estado de gastos e serán nulos de pleno dereito os actos administrativos e as disposicións xerais que infrinxan esta norma, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan.

## **Artigo 2. Modificacións de crédito**

1. As modificacións de crédito esixirán unha proposta razoada da variación que se efectúe, e deberá valorarse a incidencia que poida ter, de ser o caso, na consecución dos obxectivos fixados no momento da aprobación do orzamento.

2. A autorización das modificacións de crédito axustarase ao disposto no artigo 175 dos estatutos da Universidade de Santiago, de acordo coas seguintes particularidades:

a) As transferencias de crédito entre os diferentes capítulos de gastos, e as de gastos correntes a gastos de capital serán autorizadas polo Consello de Goberno.

b) As transferencias de gastos de capital a calquera outro capítulo serán autorizadas polo Consello Social, por proposta do Consello de Goberno.

c) Non obstante o reitor autorizará aquelas transferencias que non superen o 5% do importe total do capítulo afectado.

d) As distribucións de crédito que se realicen tecnicamente como transferencias por esixencias do programa contable e que se corresponden coas dotacións efectuadas desde as partidas que actúan como fondos a distribuír (departamentos, teses de doutoramento, concursos provisión de prazas, aulas informáticas, prácticas de campo, programas de calidade, cursos posgrao, proxectos, contratos e infraestruturas de investigación) serán autorizadas polo reitor.

e) As modificacións que haxa que realizar dentro do programa 300A (obras e reparacións RAM), de acordo co artigo 1.2, serán autorizadas polo reitor.

**3.** Poderán xerar crédito nos estados de gastos do orzamento da Universidade, coa aprobación do reitor, os ingresos liquidados que superen a previsión de ingresos orzamentada, derivados das seguintes operacións:

- Prestacións de servizos.
- Achegas de persoas naturais ou xurídicas para financiar gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos fins ou obxectivos da universidade.

### **Artigo 3. Gastos de persoal**

**1.** As retribucións do persoal activo ao servizo da Universidade quedan suxeitas ao que, nesta materia, dispón a Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma Galega.

Os custos de persoal docente e investigador, así como os de administración e servizos, deberá ser autorizados pola Comunidade Autónoma. Os proxectos de disposicións que creen ou modifiquen a estrutura orgánica da universidade ou os cambios das relacións de postos de traballo non derivadas dunha nova estrutura orgánica, incluíndo o seu custo, remitiranse á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de acordo coas instrucións que esta fixe para a autorización dos custos pola Comunidade Autónoma.

**2.** As contratacións de persoal para substitucións de vacantes, baixas por enfermidade ou outras causas serán financiadas con cargo aos créditos dos correspondentes cadros de persoal sempre que exista crédito dispoñible.

Para estes efectos a Xerencia ditará as instrucións necesarias para asegurar o control orzamentario na xestión dos créditos correspondentes.

**3.** Poderase xerar crédito no capítulo I para gastos de persoal con motivo da prestación de servizos financiados con prezos. Os gastos deste persoal, incluídas as cotas sociais, non poderán superar os ingresos.

**4.** A Xerencia determinará os gastos de persoal que deban ser cofinanciados entre distintas partidas do orzamento e emitirá as modificacións de crédito que correspondan.

5. Terán a consideración de créditos ampliáveis os créditos para o pagamento dos conceptos de mérito docente, produtividade investigadora, complemento retributivo autonómico, complementos asistenciais SERGAS, complemento asistencial Rof-Codina, trienios, formación PAS e seguridade social.

6. Inclúense no capítulo I os créditos destinados ao financiamento dos planos de formación do Persoal de Administración e Servizos, así como os correspondentes á acción social do persoal.

7. A Xerencia establecerá o procedemento para o seguimento da execución do Capítulo I.

#### **Artigo 4. Créditos de centros, departamentos e institutos**

1. Os créditos asignados aos centros docentes terán por finalidade financiar os gastos da docencia, así como tamén aqueles gastos que son necesarios para o seu funcionamento ordinario.

2. Os créditos distribuídos aos departamentos teñen como primeiro obxectivo atender os gastos derivados da investigación que se faga neles, e deberán financiar, ademais, outros gastos asociados ao funcionamento ordinario dos mesmos

3. Non se poderá contratar persoal ou nomear bolseiros con cargo aos créditos dos departamentos e institutos universitarios; non obstante poderase utilizar o crédito, logo de realizar as modificacións que correspondan, para cofinanciar contratos ou nomeamentos de bolseiros dentro de programas públicos de incorporación de investigadores.

#### **Artigo 5. Xestión e contabilización dos créditos e gastos**

1. De acordo coas instrucións operativas que se diten, os gastos plurianuais que se inicien ou que teñan vixencia no exercicio 2011 e en futuros exercicios esixe a contabilización da anualidade en cadanseu exercicio e a necesidade da actualización cando se produza algunha modificación respecto dos datos iniciais

2. En consonancia co anterior, no exercicio corrente faranse as autorizacións de crédito e os sucesivos axustes, dos gastos derivados da contratación de persoal ou nomeamento de

bolseiros con cargo a créditos financiados con achegas específicas, conforme sexa comunicado pola unidade administrativa correspondente.

3. No 2011 actualizaranse as autorizacións de crédito polo importe dos contratos en vigor de servizos, subministracións ou obras. O importe a consignar será o acordado para o exercicio, no caso de ser un contrato de contía fixa, e o importe estimado de consumo en caso de contratos de contía variable. Para a revisión de prezos dos contratos deberá enviarse ao Servizo de Xestión Económica a autorización de crédito efectuada segundo o dito anteriormente.

4. A dotación de anualidades ou novas partidas orzamentarias para actividades de I+D+i realizaranse pola Oficina de Investigación e Tecnoloxía (OIT), para o que se efectuarán distribucións de crédito desde as partidas xenéricas 8050.2000.64100 (proxectos de investigación) e 8050.2000.64200 (contratos e convenios de investigación). O importe dotado corresponderase coa anualidade indicada na resolución da correspondente subvención e, no caso de prestación de servizos, co importe da facturación prevista para 2011; para estes efectos o vicerreitor de Investigación e Innovación ten delegada a sinatura das modificacións de crédito. A comunicación das dotacións orzamentarias que efectúa a OIT aos directores dos centros de gasto e responsables de asuntos económicos é plenamente operativa, sen que sexa precisa a comunicación polo Servizo de Contabilidade e Orzamentos.

As dotacións específicas para os cursos de posgrao xestionados polo Centro de Posgrao faranse de xeito similar ao establecido no parágrafo anterior, para o que se distribuirá o crédito ás partidas correspondentes de cada curso desde a partida 5501.1100.22800

Non obstante, no caso de que as dotacións a realizar para actividades de I+D+i ou cursos de posgrao superen os importes das referidas partidas efectuaranse as correspondentes xeracións de crédito.

5. No exercicio 2011 está previsto a contabilización da nómina automatizada dende a aplicación de recursos humanos para o que no seu momento dítarase a instrución operativa. Durante este exercicio segue en vigor a instrución da xerencia [http://www.usc.es/xerencia/Instrucons/2008/VII\\_2008.htm](http://www.usc.es/xerencia/Instrucons/2008/VII_2008.htm) sobre tratamento contable da facturación interna

### **Artigo 6. Imputación de gastos**

1. O reitor poderá determinar, por iniciativa do director do centro de gasto correspondente, a imputación a créditos do exercicio corrente de obrigas xeradas en exercicios anteriores, como consecuencia de compromisos adquiridos de conformidade co ordenamento, para os que existise crédito dispoñible no exercicio de procedencia.
2. A facturación por cargos internos, os documentos de gasto pagados con cargo á conta de anticipos a xustificar correspondentes a exercicios anteriores, así como as indemnizacións por razón do servizo pendentes ao cerre do exercicio, imputaranse ao exercicio corrente sen o trámite establecido no parágrafo anterior ao non existir obriga con terceiros e estar só pendente de contabilización ou tratarse de gastos de persoal.

### **Artigo 7. Remanentes de crédito**

1. Son remanentes específicos o saldo non obrigado dos créditos financiados con achegas externas para a realización de actividades concretas.
2. A incorporación destes créditos deberá autorizala o reitor, que dará conta ao Consello de Goberno e ao Consello Social dos expedientes aprobados.
3. O financiamento de créditos no estado de gastos con cargo ao remanente xenérico de tesourería será aprobado polo reitor, que dará conta ao Consello de Goberno e ao Consello Social.
4. Os remanentes incorporados segundo o previsto neste artigo unicamente poderán ser aplicados dentro do exercicio no que se acorde esta incorporación, coa excepción daqueles que teñen financiamento específico.

### **Artigo 8. Contratación administrativa**

1. A contratación administrativa farase de acordo coa normativa en vigor para o sector público, e conforme cos procedementos aprobados pola USC, que serán comunicados pola Xerencia aos servizos, unidades e responsables de asuntos económicos, xunto cos medios técnicos que se van utilizar.

2. Procederá poñer en coñecemento do Servizo de Xestión Económica, coa antelación suficiente, todos aqueles gastos para os que, con independencia da súa contía, se deba asinar un contrato.

3. Logo da autorización do Consello de Goberno, o reitor poderá asinar os contratos de arrendamento que superen o límite dos catro anos establecido na normativa de contratación do sector público, sempre que as condicións do mercado o aconsellen por criterios de economía. Destes contratos darase conta ao Consello Social.

### **Artigo 9. Tarifas**

1. As tarifas pola prestación de servizos ou venda de bens apróbanse como un anexo ao orzamento anual.

2. Toda proposta de establecemento de novas tarifas deberá ser enviada á Xerencia acompañada dunha memoria económico-financeira que xustifique o importe das mesmas así como o grao de cobertura dos custos correspondentes.

### **Artigo 10. Axudas para prezos públicos**

As axudas para prezos públicos por servizos académicos estableceranse para o persoal das universidades do SUG con cargo á dotación que se efectúe no fondo de acción social.

### **Artigo 11. Axudas de custo e locomoción**

A percepción de axudas de custo e locomoción debe atermarse ao regulado no Real Decreto 462/2002 e normas concordantes. En particular debe terse en conta:

a) Será precisa a autorización previa, polo órgano competente, da comisión de servizo que dea lugar ao desprazamento.

b) Ademais da autorización anterior, a percepción de axudas pola utilización do vehículo particular para efectuar desprazamentos debe ser excepcional e indicarse sempre o itinerario seguido. Os desprazamentos a fóra da Galicia e que sexan superiores a 300 km será preciso xustificalos achegando recibos de peaxe de autoestradas ou xustificación de reposición de combustible no traxecto.

c) O importe máximo por aloxamento en cidades de máis de trescentos mil habitantes (Madrid, Barcelona, Valencia, Sevilla, Zaragoza, Málaga, Murcia, Palma de Mallorca, Las Palmas de Gran Canaria, Bilbao, Córdoba, Alicante e Valladolid) pode elevarse ata un 50% do importe establecido para cada grupo.

d) Débense ter en conta as horas de saída e chegada para os efectos do establecido no artigo 12 do citado Real Decreto (percepción de ½ axuda).

e) A localidade de inicio e fin da comisión de servizo é, con carácter xeral, aquela na que o traballador teña o seu posto de traballo. Non obstante considerarase que é o lugar de residencia nos casos en que este estea máis próximo ao lugar de saída (aeroporto) ou de destino.

Segue en vigor a instrución 1/2009 de interpretación das bases de execución do orzamento 2009 ao non modificarse aquelas bases polas dos sucesivos exercicios nin polas normas de aplicación antes citadas.

[http://www.usc.es/xerencia/Instruccion/2009/normas\\_execucion\\_orzamentos.pdf](http://www.usc.es/xerencia/Instruccion/2009/normas_execucion_orzamentos.pdf)

## **Artigo 12. Gastos por atencións protocolarias, formación e outros**

**1.** Atencións protocolarias. Os gastos de atencións protocolarias deben ir acompañados dunha explicación na que se especifiquen os motivos que xustifican a realización dos gastos e os cargos, persoas ou grupos destinatarios. En particular esixiranse estes documentos explicativos nos gastos relativos a comidas, aloxamentos e agasallos.

**2.** Importes máximos a retribuír por conferencias. Cando o importe a aboar pola impartición dunha conferencia supere os 400€ será precisa a conformidade do reitor ou órgano no que teña delegada a competencia.

**3.** Gastos de formación individuais. Os gastos de formación que se abonen con cargo aos orzamentos da USC deben responder á satisfacción de necesidades públicas. En consecuencia non se poderán pagar con cargo a partidas do orzamento da USC gastos de formación individual en cursos de verán, de idiomas, cursos básicos de informática e similares, salvo xustificación e autorización expresa do reitor ou órgano en quen teña delegada a competencia.

4. Participación do PAS en actividades de I+D+i e de formación. A participación do persoal de administración e servizos en actividades de I+D+i está contemplada no Regulamento de colaboración do persoal de administración e servizos da USC en cursos e convenios de investigación, publicado por Resolución Reitoral de 20 de maio de 1989 e publicada no DOG do 12 de xullo de 1989.

<http://www.usc.es/gl/normativa/investigacion/colapas1.html>

Pola súa parte, a colaboración en actividades de posgrao propio e formación continua está contemplada no Regulamento dos estudos de posgrao e formación continua ([http://www.usc.es/gl/normativa/3ciclo/regulamento\\_EPFC.html](http://www.usc.es/gl/normativa/3ciclo/regulamento_EPFC.html)). Non se autorizará o pagamento de retribucións pola realización doutras actividades ou daquelas que non sigan os procedementos de autorización establecidos nas normas anteriores.

5. Persoal contratado e bolseiro con cargo a actividades de I+D+i. As modalidades de incorporación deste persoal, as súas categorías e sistema retributivo, debe seguir os procedementos contemplados na normativa da USC, publicada en

<http://www.usc.es/gl/normativa/investigacion>.

### **Artigo 13. Pagamentos con tarxeta persoal e medios electrónicos de xustificación dos gastos**

1. Pagamentos por medios electrónicos e facturación. As facturas para xustificar gastos que se vaian aboar con cargo ao orzamento da USC deben ser a nome desta, e cos seus datos fiscais, agás nos xustificantes para axudas de custo e locomoción, que serán a título persoal. O pagamento pode facerse con tarxeta persoal sempre que se cumpran os demais requisitos e o gasto estea autorizado por quen proceda.

2. As facturas e documentos análogos deben presentarse en papel, agás nos casos de facturación electrónica regulados no Real Decreto 1496/2003. Para estes efectos a transmisión electrónica dunha copia da factura (formato PDF ou análogos) non ten a consideración de factura electrónica.

3. A Instrución V/2010 da Xerencia para o reembolso de gastos derivados de compras a través de internet e con pago mediante tarxetas persoais establece o procedemento para a

tramitación destes gastos. Tamén se establece o procedemento especial para os casos en que sendo gastos de interese público non se podan xustificar mediante factura a nome da USC. [http://www.usc.es/xerencia/Instrucons/2010/instruccion\\_V.pdf](http://www.usc.es/xerencia/Instrucons/2010/instruccion_V.pdf)

### **DISPOSICIÓN ADICIONAIS**

1. Se como consecuencia da aprobación de reestruturacións orgánicas ou de medidas de racionalización na xestión do gasto se producen cambios na codificación das partidas do orzamento, os compromisos adquiridos serán imputados de oficio nas partidas resultantes.
2. Autorízase ao Xerente da Universidade a que dite as instrucións necesarias para a adaptación e desenvolvemento das normas de execución do orzamento.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

A partir do día da aprobación do orzamento para 2011 queda sen efecto a resolución de 29 de decembro de 2010 de prórroga do orzamento do ano anterior.

**ORZAMENTO DE INGRESOS**

**3.3.1-ORZAMENTO DE INGRESOS**

ORGÁNICA	ECONÓMICA	DENOMINACIÓN	IMPORTE
01.8120	310	PREZOS PÚBLICOS DE MATRÍCULA	21.000.000,00
01.6020	31100	PREZOS CENTRO LINGUAS MODERNAS	310.000,00
01.8120	31106	MATRICULA CUARTO CICLO	28.000,00
01.5501	312	MATRÍCULA CURSOS DE POSGRAO	2.500.000,00
01.8120	320	DEREITOS DE INSCRICIÓN EN OPOSICIÓN E CONCURSOS	20.000,00
01.7600	322	DEREITOS ALOXAMENTO SERVIZO UNIVERSITARIO DE RESIDENCIAS	1.430.000,00
01.7065	323	SERVIZOS PRESTADOS POR INVESTIGACIÓN	15.000.000,00
01.7535	32900	ESCOLA INFANTIL BREGÁN	140.000,00
01.7540	32901	COTAS USO INSTALACIÓN DEPORTIVAS	740.000,00
01.7025	33000	VENDAS DE PUBLICACIÓN PROPIAS	60.000,00
01.8120	38101	ANUNCIOS CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA	20.000,00
01.8120	38103	COMPENSACIÓN CONSUMOS SUBMINISTROS CONCESIONARIOS	300.000,00
<b>TOTAL CAPÍTULO III. PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS</b>			<b>41.548.000,00</b>

01.8120	41001	ORGANISMO AUTÓNOMO PROGRAMA EDUCATIVOS EUROPEOS. PROGRAMA ERASMUS	650.000,00
01.8120	45101	CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN.FINANCIAMENTO ESTRUCTURAL	123.754.630,00
01.8120	45102	CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN.MANTEMENTO CONSELLO SOCIAL	200.000,00
01.8120	45103	CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN.FINANCIAMENTO POR RESULTADOS DOCENTES	7.507.350,00
01.8120	45112	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	650.000,00
01.8120	45140	SERVIZO GALEGO DE SAÚDE.PRAZAS VINCULADAS	5.272.500,00
01.8120	47001	BANCO SANTANDER	1.800.000,00
01.8120	48001	FUNDACIÓN NOVACAIXAGALICIA	275.000,00
<b>TOTAL CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES</b>			<b>140.109.480,00</b>

01.8120	520	XUROS DE CONTAS BANCARIAS	500.000,00
01.8120	550	CONCESIÓN ADMINISTRATIVAS	213.000,00
<b>TOTAL CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS</b>			<b>713.000,00</b>

01.7065	70100	MEC . RECURSOS INVESTIGACIÓN	9.000.000,00
01.7065	710	ORGANISMOS AUTÓNOMOS ADMINISTRATIVOS. RECURSOS INVESTIGACIÓN	300.000,00
01.7065	72000	FONDO DE INVESTIGACIÓN SANITARIAS. RECURSOS INVESTIGACIÓN	800.000,00
01.7065	75000	XUNTA DE GALICIA. RECURSOS INVESTIGACIÓN	15.000.000,00
01.8120	75001	CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN: FINANCIAMENTO POR MELLORA DA CALIDADE	7.880.400,00
01.8120	75002	CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN.REP., AMPLIACIÓN E MELLORA (R.A.M.)	1.971.000,00
01.8120	75003	CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN: COMPENSACIÓN CUSTOS NORMATIVA ESTATAL E AUTONÓMICA	428.780,00
01.8120	75004	CONSELLERÍA EDUCACIÓN: INFRAESTRUTURAS CAMPUS EXCELENCIA	1.675.000,00
01.8120	75006	CONSELLERÍA DE ECONOMIA E INDUSTRIA	1.168.300,00
01.7065	760	CORPORACIÓN LOCAIS. RECURSOS INVESTIGACIÓN	250.000,00

Orzamento 2011

---

01.7065	79500	UNIÓN EUROPEA. RECURSOS INVESTIGACIÓN	3.000.000,00
<b>TOTAL CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL</b>			<b>41.473.480,00</b>
01.8120	87000	REMANENTE DE TESOURERÍA	5.000.000,00
<b>TOTAL CAPÍTULO VIII. ACTIVOS FINANCEIROS</b>			<b>5.000.000,00</b>
<b>TOTAL PRESUPUESTO DE INGRESOS</b>			<b>228.843.960,00</b>

**ORZAMENTO DE GASTOS**

PARTIDA ORZAMENTARIA			IMPORTE CRÉDITO
ORGÁNICA	FUNCIONAL	ECONÓMICA	

**CAPÍTULO I: GASTOS DE PERSOAL****ARTIGO 11. PERSOAL EVENTUAL**

Persoal eventual. Soldo	8075	3000	11010	196.900,00
Persoal eventual. Trienios	8075	3000	11011	1.300,00
<b>TOTAL ARTIGO 11</b>				<b>198.200,00</b>

**ARTIGO 12. PERSOAL FUNCIONARIO****Persoal de Administración e Servizos**

PAS funcionario. Soldo	8075	3000	12010	6.935.900,00
PAS funcionario. Trienios	8075	3000	12011	1.568.200,00
PAS funcionario. Complemento de destino	8075	3000	12110	4.040.000,00
PAS funcionario. Complemento específico	8075	3000	12111	6.355.400,00
PAS funcionario. Cargos académicos	8075	3000	12112	6.900,00
PAS funcionario. IPC Galego	8075	3000	12114	69.800,00
PAS funcionario. CPT	8075	3000	12115	101.100,00
PAS funcionario. Promocións	8075	3000	12201	125.000,00
PAS funcionario. Plan de xubilacións anticipadas	8075	3000	12203	37.000,00
<b>Total Persoal Administración e Servizos</b>				<b>19.239.300,00</b>

**Persoal Docente e Investigador**

PDI funcionario. Soldo	8075	3000	12020	21.385.900,00
PDI funcionario. Trienios	8075	3000	12021	6.861.100,00
PDI funcionario. Trienios SERGAS	8075	3000	12023	84.300,00
PDI funcionario. Complemento de destino	8075	3000	12120	16.516.500,00
PDI funcionario. Complemento específico xeral	8075	3000	12121	11.442.700,00
PDI funcionario. Complemento mérito docente	8075	3000	12122	9.158.100,00
PDI funcionario. Produtividade investigadora	8075	3000	12123	4.157.300,00
PDI funcionario. Cargos académicos	8075	3000	12124	1.244.200,00
PDI funcionario. CPT	8075	3000	12125	6.900,00
PDI funcionario. Mérito docente ensino non universitario	8075	3000	12127	59.900,00
PDI funcionario. Complemento Lei 2/92 (IPC Galego)	8075	3000	12128	272.900,00
PDI funcionario. Complemento especial dedicación	8075	3000	12129	7.400,00
PDI funcionario. Complemento retributivo autonómico	8075	3000	12131	5.746.700,00
PDI funcionario. Complemento asistencial fixo SERGAS	8075	3000	12141	2.554.400,00
PDI funcionario. Complemento produtividade variable SERGAS	8075	3000	12143	233.500,00
PDI funcionario. Complemento carreira Grao I-SERGAS	8075	3000	12144	1.241.900,00
PDI funcionario. Promocións	8075	3000	12250	160.000,00
PDI funcionario. Plan de xubilacións anticipadas	8075	3000	12251	75.000,00
<b>Total Persoal Docente e Investigador funcionario</b>				<b>81.208.700,00</b>

**TOTAL ARTIGO 12****100.448.000,00****ARTIGO 13. PERSOAL LABORAL****Persoal Laboral fixo de Administración e Servizos**

PAS laboral. Soldo	8075	3000	13000	11.661.000,00
PAS laboral fixo. Trienios	8075	3000	13001	1.891.000,00
PAS laboral fixo. Pagas extra	8075	3000	13002	19.400,00
PAS laboral fixo. Horas extra	8075	3000	13006	5.800,00
PAS laboral fixo. Extinguir plus de posto	8075	3000	13007	17.900,00
PAS laboral fixo. Gratificación por xubilación	8075	3000	13008	104.200,00
PAS laboral fixo. Complemento persoal	8075	3000	13021	32.300,00
PAS laboral fixo. Plus categoría	8075	3000	13030	1.906.000,00

PAS laboral fixo. Plus postos singularizados	8075	3000	13031	855.400,00
PAS laboral fixo. Plus xornada	8075	3000	13033	253.500,00
PAS laboral fixo. Plus especial dispoñibilidade	8075	3000	13034	22.200,00
PAS laboral fixo. Plus de nocturnidade	8075	3000	13037	9.100,00
PAS laboral fixo. Outros complementos	8075	3000	13038	1.100,00
PAS laboral. Promocións	8075	3000	13040	125.000,00
PAS laboral. Plan xubilación anticipada	8075	3000	13041	37.000,00
<b>Total Persoal Laboral de Administración e Servizos</b>				<b>16.940.900,00</b>

**Persoal Docente Laboral :**

PDI laboral. Soldo	8075	3000	13060	3.360.000,00
PDI laboral. Complemento de destino	8075	3000	13061	2.599.800,00
PDI laboral. Complemento específico	8075	3000	13062	1.476.100,00
PDI laboral. Tramos antigüidade	8075	3000	13063	918.400,00
PDI laboral. Complementos retributivos autonómicos	8075	3000	13065	263.200,00
PDI laboral. Mérito docente	8075	3000	13066	642.200,00
PDI laboral. Produtividade investigadora	8075	3000	13067	174.700,00
PDI laboral. IPC Galego	8075	3000	13068	32.200,00
<b>Total Persoal Docente e Investigador laboral</b>				<b>9.466.600,00</b>

**Pas Temporal.**

PAS Temporal. Retribucións	8075	3000	13100	73.100,00
PAS laboral temporal. Indemnizacións	8075	3000	13103	13.000,00
				<b>86.100,00</b>

**Persoal Alta Dirección.**

Persoal Alta Dirección. Retribucións	8075	3000	13110	90.900,00
				<b>90.900,00</b>

**PDI Laboral temporal**

PDI Laboral temporal. Soldo	8075	3000	13160	2.053.800,00
PDI Laboral temporal. Complemento de destino	8075	3000	13161	1.224.300,00
PDI Laboral temporal. Complemento específico	8075	3000	13162	246.300,00
PDI Laboral temporal. Trienios	8075	3000	13163	73.100,00
PDI Laboral temporal. IPC Galego	8075	3000	13165	12.000,00
				<b>3.609.500,00</b>

PAS Laboral fixo. Plus actividade servizos	8075	3000	13200	1.100,00
				<b>1.100,00</b>

**TOTAL ARTIGO 13**

**30.195.100,00**

**ARTIGO 14. OUTRO PERSOAL**

**Persoal Docente e Investigador contratado administrativo**

PDI contratado administrativo. Soldo	8075	3000	14110	1.300.400,00
PDI contratado administrativo. Complemento de destino	8075	3000	14111	712.000,00
PDI contratado administrativo. Complemento específico	8075	3000	14112	145.100,00
PDI contratado administrativo. Cargos académicos	8075	3000	14113	9.300,00
PDI contratado administrativo. Tramos antigüidade	8075	3000	14115	180.200,00
PDI contratado administrativo. IPC Galego	8075	3000	14117	7.900,00
				<b>2.354.900,00</b>

**Profesores eméritos**

Profesores eméritos. Retribucións	8075	3000	14800	166.100,00
				<b>166.100,00</b>

**TOTAL ARTIGO 14**

**2.521.000,00**

**ARTIGO 15. INCENTIVOS AO RENDEMENTO**

PAS funcionario e laboral complemento	8075	3000	15010	21.000,00
PAS complemento por cesión de espazos	8075	3000	15011	10.400,00
PAS gratificacións	8075	3000	15100	3.300,00
<b>TOTAL ARTIGO 15</b>				<b>34.700,00</b>

**ARTIGO 16. COTAS, PRESTACIÓNS E CARGAS SOCIAIS A CARGO DO EMPREGADOR**

**Cotas Sociais:**

PAS funcionario e laboral. Seguridade Social	8075	3000	16010	9.557.300,00
PDI SERGAS. Seguridade Social	8075	3000	16013	648.100,00
Persoal Docente e Investigador. Seguridade Social	8075	3000	16020	4.582.600,00
<b>Total Cotas Sociais</b>				<b>14.788.000,00</b>

**Acción social**

Acción Social	8075	4000	16200	870.000,00
Escola infantil cheque bebé Lugo	8075	4000	16209	30.000,00
<b>Total Acción Social</b>				<b>900.000,00</b>

**Gastos de Formación**

Programa de formación do PAS	8075	3038	16300	175.000,00
<b>Total Cursos de Formación</b>				<b>175.000,00</b>

**TOTAL ARTIGO 16**

**15.863.000,00**

**TOTAL CAPÍTULO I: GASTOS DE PERSOAL**

**149.260.000,00**

**CAPÍTULO II: GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS**

**CONCEPTO 204. ARRENDAMENTO MATERIAL DE TRANSPORTE**

**Partidas**

Servizos Centrais. Arrendamento vehículos	8075	3000	20400	50.000,00
<b>TOTAL CONCEPTO 204</b>				<b>50.000,00</b>

**CONCEPTO 206. ARRENDAMENTO EQUIPOS PROCESOS INFORMACIÓN**

**Partidas**

Servizos Centrais. Arrendamento equipos impresión	8075	3000	20600	108.000,00
<b>TOTAL CONCEPTO 206</b>				<b>108.000,00</b>

**CONCEPTO 212. REPARACIÓN E MANTEMENTO DE EDIFICIOS****Partidas**

Unidade de infraestruturas - Lugo	7532	300A	21200	114.750,00
Unidade de infraestruturas - Santiago	7533	300A	21200	259.250,00
Facultades e Escolas. Reparación e mantemento de edificios (reparto)	-	3026	21200	250.000,00
<b>TOTAL CONCEPTO 212</b>				<b>624.000,00</b>

**CONCEPTO 213. REPARACIÓN E MANTEMENTO MAQUINARIA****Partidas**

Servizos Centrais	8075	3000	21300	954.720,00
<b>TOTAL CONCEPTO 213</b>				<b>954.720,00</b>

**CONCEPTO 214. REPARACIÓN E MANTEMENTO ELEMENTOS DE TRANSPORTE****Partidas**

Servizos Centrais	8075	3000	21400	8.500,00
<b>TOTAL CONCEPTO 214</b>				<b>8.500,00</b>

**CONCEPTO 215. REPARACIÓN E MANTEMENTO MOBLAXE E EQUIPAMENTO****Partidas**

Biblioteca Xeral	7010	3001	21500	61.200,00
Área das TIC	7505	3000	21500	647.000,00
Vicerreitoría de Investigación e Innovación: Reparación de material científico	8050	2308	21500	467.500,00
Servizos Centrais	8075	3000	21500	110.500,00
<b>TOTAL CONCEPTO 215</b>				<b>1.286.200,00</b>

**CONCEPTO 220. MATERIAL DE OFICINA(1)****Partidas**

Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua. Gastos correntes	5501	3000	22000	8.400,00
Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe. Gastos correntes	5502	3000	22000	1.400,00
Instituto de Ciencias da Educación. Gastos correntes	6010	3000	22000	1.500,00
Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia. Gastos correntes	6015	2403	22000	1.500,00
Centro de Linguas Modernas. Gastos correntes	6020	3000	22000	11.200,00
Instituto da Lingua Galega. Gastos correntes	6025	2401	22000	1.500,00
Instituto de Criminoloxía. Gastos correntes	6030	3000	22000	46.800,00
Instituto de Cerámica. Gastos correntes	6035	2405	22000	2.000,00
Instituto de Medicina Legal. Gastos correntes	6040	2407	22000	2.000,00
Instituto de Investigacións e Análises Alimentarias. Gastos correntes	6045	2404	22000	2.000,00
Instituto de Ciencias Neurolóxicas. Gastos correntes	6050	2409	22000	400,00
Instituto de Dereito Industrial. Gastos correntes	6055	2408	22000	400,00
Instituto de Física de Altas Enerxías. Gastos correntes	6060	2413	22000	400,00
Instituto Universitario de Investigacións Tecnolóxicas. Gastos correntes	6065	2406	22000	2.000,00
Instituto de Matemáticas. Gastos correntes	6070	2410	22000	400,00
Instituto de Acuicultura. Gastos correntes	6075	2411	22000	2.000,00
Instituto de Farmacia Industrial. Gastos correntes	6080	2412	22000	800,00
Instituto de Investigacións Ortopédicas. Gastos correntes	6090	2415	22000	400,00
Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural. Gastos correntes	6095	2416	22000	1.500,00
Escola de Práctica Xurídica. Gastos correntes	6510	3000	22000	56.000,00
Bibliotecas. Gastos correntes	7010	3001	22000	84.000,00
Biblioteca Intercentros Campus de Lugo. Gastos correntes	7011	3001	22000	1.400,00

## Orzamento 2011

Biblioteca Concepción Arenal. Gastos correntes	7012	3001	22000	2.400,00
Arquivo Histórico. Gastos correntes	7015	3000	22000	14.560,00
Servizo de Medios Audiovisuais. Gastos correntes	7020	3000	22000	4.480,00
Servizo de Publicacións. Gastos correntes	7025	3000	22000	47.600,00
Centro de Innovación e Transferencia de Tecnoloxía. Gastos correntes	7030	2000	22000	5.600,00
Observatorio Astronómico. Gastos correntes	7040	2501	22000	840,00
Servizo de Tradución. Gastos correntes	7045	3000	22000	1.120,00
Museo Luís Iglesias. Gastos correntes	7050	3000	22000	840,00
Centro de Estudos Avanzados. Gastos correntes	7055	3000	22000	2.460,00
Estación Bioloxía Mariña da Graña. Gastos correntes	7060	2000	22000	1.120,00
Estación de Hidrobioloxía do río Con. Gastos correntes	7061	2000	22000	1.120,00
Estación Científica do Caurel	7062	2000	22000	900,00
Oficina de Investigación e Tecnoloxía. Gastos correntes	7065	2000	22000	12.600,00
Área das TIC. Gastos correntes	7505	3000	22000	22.400,00
Centro de Estudos e Documentación Europeos da USC. Gastos correntes	7520	3000	22000	5.600,00
Escola Infantil Breogán. Gastos correntes	7535	4000	22000	30.240,00
Valedor da Comunidade Universitaria. Gastos correntes	7575	4000	22000	3.080,00
Servizo Universitario de Residencias. Gastos correntes	7600	4100	22000	28.000,00
Oficina do reitor. Gastos correntes	8010	3000	22000	9.520,00
Programa "A Ponte". Gastos correntes	8010	4005	22000	35.000,00
Vicerreitoría de responsabilidade social e calidade. Gastos correntes	8011	3000	22000	4.480,00
Oficina do reitor. Oficina de Relacións Exteriores - Gastos correntes	8010	3050	22000	11.200,00
Oficina do reitor. Relacións internacionais: Oficina de Información Universitaria, Gabinete de Comunicacións	8010	4000	22000	4.480,00
Vicerreitoría de Coordinación e Planificación Campus Lugo. Gastos correntes	8020	3000	22000	38.080,00
Vicerreitoría de Persoal Docente e Investigador. Gastos correntes	8026	3000	22000	4.480,00
Vicerreitoría de Estudos de Grao e Posgra. Gastos correntes	8028	3000	22000	4.480,00
Vicerreitoría de Extensión Universitaria, Cultura e sociedade. Gastos correntes	8035	3000	22000	4.480,00
Vicerreitoría de Estudantes e Formación Continua. Gastos correntes	8023	3000	22000	4.480,00
Vicerreitoría de Estudantes e Formación Continua: Servizo de Bolsas e Axudas	8023	3030	22000	4.480,00
Vicerreitoría de Economía e Infraestruturas. Gastos correntes	8014	3000	22000	4.480,00
Vicerreitoría de Investigación e Innovación. Gastos correntes	8050	3000	22000	4.480,00
Secretaría Xeral. Gastos correntes	8060	3000	22000	9.100,00
Consello Social. Gastos correntes	8070	3000	22000	167.500,00
Xerencia. Servizo de Prevención de Riscos. Gastos correntes	8075	3008	22000	24.500,00
Servizos Centrais. Gastos correntes	8075	3000	22000	48.500,00
Servizos Centrais. Imprevistos	8075	3200	22000	3.580,00
Vicexerencia Lugo. Gastos correntes	8110	3000	22000	33.600,00
Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materias Moleculares (CIQUS). Gastos correntes	2002	2C02	22000	2.000,00
Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CIMUS). Gastos correntes	2003	2C03	22000	2.000,00
Facultades e Escolas. Material (reparto)	-	3026	22000	350.000,00
<b>TOTAL CONCEPTO 220</b>				<b>1.187.860,00</b>

<sup>1</sup> Inclúense neste concepto os créditos para gastos correntes dos centros aos que non se lles desglosa o orzamento

### CONCEPTO 221. SUBMINISTRACIÓNS

#### Partidas

Area das TIC. Subministracións	7505	3000	22100	4.500,00
Servizo de Deportes. Subministracións	7540	4400	22100	4.500,00
Servizo Universitario de Residencias. Subministracións	7600	4100	22100	91.100,00
Servizos Centrais. Subministracións centralizadas	8075	3000	22100	4.131.520,00

Servizos Centrais: Subministracións Servizo universitario de residencias	8075	4100	22100	230.000,00
Facultades e Escolas. Subministracións (reparto)	-	3026	22100	630.000,00
<b>TOTAL CONCEPTO 221</b>				<b>5.091.620,00</b>

**CONCEPTO 222. COMUNICACIÓN****Partidas**

Servizos Centrais. Comunicaciones	8075	3000	22200	172.500,00
Facultades e Escolas. Comunicaciones (reparto)	-	3026	22200	160.000,00
<b>TOTAL CONCEPTO 222</b>				<b>332.500,00</b>

**CONCEPTO 223. TRANSPORTES****Partidas**

Servizos Centrais. Transportes	8075	3000	22300	63.750,00
<b>TOTAL CONCEPTO 223</b>				<b>63.750,00</b>

**CONCEPTO 224. PRIMAS DE SEGUROS****Partidas**

Servizos Centrais. Primas de seguros	8075	3000	22400	230.500,00
<b>TOTAL CONCEPTO 224</b>				<b>230.500,00</b>

**CONCEPTO 225. TRIBUTOS****Partidas**

Servizos Centrais. Tributos	8075	3000	22500	440.000,00
<b>TOTAL CONCEPTO 225</b>				<b>440.000,00</b>

**CONCEPTO 226. GASTOS DIVERSOS****Partidas**

Facultades e Escolas. Atencións protocolarias (reparto)	-	3026	22601	15.000,00
Normalización Lingüística: Información e divulgación	7570	4000	22602	7.550,00
Oficina do Reitor. Atencións protocolarias	8010	3000	22601	27.500,00
Vicerreitoría de Responsabilidade social e Calidade: Campañas informativas	8011	3006	22602	3.000,00
Vicerreitoría de Responsabilidade social e Calidade: Avaliación institucional e docente	8011	3007	22609	62.500,00
Vicerreitoría de Responsabilidade social e Calidade: Incentivos e mellora en titulacións	8011	3009	22609	137.500,00
Vicerreitoría de Responsabilidade social e Calidade: Mellora calidade dos Servizos	8011	3010	22609	10.000,00
Vicerreitoría de Responsabilidade social e Calidade: Oficina Igualdade	8011	3011	22609	22.500,00
Vicerreitoría de Responsabilidade social e Calidade: Plan Desenvolvemento Sostible	8011	3016	22609	37.500,00
Oficina do Reitor. Información e divulgación	8010	3000	22602	100.000,00
Vicerreitoría de Coordinación e Planificación Campus Lugo. Atencións protocolarias	8020	3000	22601	1.500,00
Vicerreitoría de Extensión Universitaria, Cultura e sociedade. Gastos diversos	8035	3000	22609	10.000,00
Secretaría Xeral. Gastos diversos	8060	3000	22609	20.000,00
Vicerreitoría de Estudos de Grao e Posgrao: Prácticas de campo	8028	3000	22607	67.500,00
Xerencia. Atencións protocolarias	8075	3000	22601	3.000,00
Servizos Centrais: Procesos electorais	8075	3000	22605	10.000,00
Servizos Centrais: Outros gastos diversos	8075	3000	22609	37.800,00
Servizos Centrais: Xestión Académica	8075	3018	22609	112.500,00
Servizos Centrais: Gastos xurídicos e contenciosos	8075	3000	22603	44.110,00
<b>TOTAL CONCEPTO 226</b>				<b>729.460,00</b>

**CONCEPTO 227. TRABALLOS REALIZADOS POR EMPRESAS E PROFESIONAIS****Partidas**

Biblioteca: Acceso Revistas electrónicas	7010	3001	22700	1.285.000,00
Área das TIC. Traballos realizados por empresas e profesionais	7505	3000	22700	135.000,00
